

LIGA GALEGA DE NATACIÓN JÚNIOR

Tempada 2025/26. Circular 25-16.

1. Organización, datas e sedes

1. A liga Galega da categoría júnior celebrarase en tres xornadas de carácter zonal distribuíndose tódolos equipos nun so grupo.
2. Cada xornada realizarase nunha soa sesión, podendo celebrarse o sábado ou o domingo en horario de mañá ou tarde. A competición celebrarase entre as 15:30 e as 21:00 se é pola tarde e entre as 9:30 e as 14:30 se é pola mañá, sendo os horarios preferentes as 16:30 horas se é pola tarde e ás 10:30 horas se é pola mañá.
3. Polo menos unha hora e cuarto antes do comezo de cada sesión, a piscina deberá estar a disposición dos nadadores para o quecemento.
4. As sedes serán designadas pola xunta directiva da FEGAN seguindo as solicitudes dos clubs.

2. Programa de probas

1ª Xornada	2ª Xornada	3ª Xornada
1. 400 m Estilos Mas. 2. 400 m Estilos Fem. 3. 50 m Libre Mas. 4. 50 m Libre Fem. 5. 100 m Bolboreta Mas. 6. 100 m Bolboreta Fem. 7. 200 m Costas Mas. 8. 200 m Costas Fem. 9. 1500 m Libre Mas. 10. 1500 m Libre Fem. 11. 200 m Braza Mas. 12. 200 m Braza Fem. 13. 200 m Libre Mas. 14. 200 m Libre Fem. 15. 50 m Costas Mas. 16. 50 m Costas Fem. 17. 100 m Estilos Mas. 18. 100 m Estilos Fem.	19. 400 m Libre Fem. 20. 400 m Libre Mas. 21- 50 m Bolboreta Fem. 22. 50 m Bolboreta Mas. 23. 100 m Costas Fem. 24. 100 m Costas Mas. 25. 200 m Estilos Fem. 26. 200 m Estilos Mas. 27. 50 m Braza Fem. 28. 50 m Braza Mas. 29. 100 m Libre Fem. 30. 100 m Libre Mas. 31. 200 m Bolboreta Fem. 32. 200 m Bolboreta Mas. 33. 100 m Braza Fem. 34. 100 m Braza Mas. 35. 800 m Libre Fem. 36. 800 m Libre Mas.	37. 50 m Libre Mas. 38. 50 m Libre Fem. 39. 100 m Bolboreta Mas. 40. 100 m Bolboreta Fem. 41. 50 m Braza Mas. 42. 50 m Braza Fem. 43. 100 m Costas Mas. 44. 100 m Costas Fem. 45. 50 m Bolboreta Mas. 46. 50 m Bolboreta Fem. 47. 100 m Braza Mas. 48. 100 m Braza Fem. 49. 50 m Costas Mas. 50. 50 m Costas Fem. 51. 200 m Estilos Mas. 52. 200 m Estilos Fem. 53. 100 m Libre Mas. 54. 100 m Libre Fem.

3. Participación

1. Este regulamento está destinado ás seguintes categorías:
 - a) Masculina. Nacidos nos anos 2009 e 2008
 - b) Feminina. Nacidas nos anos 2009 e 2008
2. Cada deportista poderá participar por xornada nun máximo de 2 probas individuais.
3. Cada club poderá inscribir o número de nadadores que desexe en cada proba coas seguintes excepcións:
 - a) Nas probas de 400 libres e 400 estilos, o número máximo de nadadores por club será de 3 por proba.
 - b) Nas probas de 800 e 1500 libres, o número máximo de nadadores por club será de 2 por proba.
4. Admitiranse baixas e composicións de remudas até 45 minutos antes do inicio de cada sesión.

4. Inscripcións

1. Realizaranse a través do XESDE e remitirase á FEGAN por correo electrónico (inscripciones@fegan.org) o rexistro de inscrición que o propio programa xere en formato PDF.
2. As inscricións deberán estar en mans da FEGAN, como data límite, o martes anterior á celebración da xornada correspondente, sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición velar pola súa recepción.

5. Formula de competición

1. Todas as probas realizaranse contra o reloxo.
2. A puntuación farase na sede da FEGAN, en función da clasificación xeral da liga.
3. A puntuación será segundo os puntos da táboa WAQ.
4. Só puntuarán os tres primeiros clasificados na proba individual de cada club. Os clasificados a continuación non serán puntuados, outorgándolle a puntuación ao seguinte da clasificación que non sexa dese mesmo club.
5. Non poderán participar nadadores fóra de competición.

6. Resultados e clasificacións

1. Os resultados e as clasificacións realizaranse na FEGAN, para o que os clubs organizadores deberán remitir canto antes á FEGAN os resultados. Deberán estar na federación como máximo o martes seguinte á competición.
2. Os resultados enviaranse á FEGAN a través do correo electrónico resultados@fegan.org, e ao correo electrónico correspondente de cada un dos clubs participantes.
3. Faranse as seguintes clasificacións:
 - a) Clasificación masculina. Suma de puntos acadados nas probas masculinas.
 - b) Clasificación feminina. Suma de puntos acadados nas probas femininas.
 - c) Clasificación total. Suma de puntos da clasificación masculina e feminina.

7. Títulos e premios

1. Entregarase un trofeo ao club que acade a maior puntuación, segundo o apartado c) do punto 6.3, proclamándose Campión da Liga Galega de Natación Junior.

8. Reclamacións

1. Nas competicións de natación de carácter territorial, pero con varias sedes, a Comisión de Competición estará integrada por:

- O secretario xeral da FEGAN.
- Un representante dos Clubs participantes, elixido por sorteo.
- Un representante dos adestradores, elixido por sorteo entre os pertencentes aos clubs participantes.
- O Xuíz Árbitro da Competición.
- Unha persoa designada pola FEGAN que non coincida coas anteriores.

2. O sorteo dos membros desta Comisión de Competición realizarase ao comezo da tempada, en data e hora que se anunciará previamente, na sede da FEGAN, e antes do inicio das competicións.

3. A reclamación presentarase, como máximo, ata 48 horas desde a resolución da reclamación previa presentada ante o xuíz do concurso.

4. A reclamación será resolta pola Comisión de Competición no prazo máximo de 48 horas despois de ter coñecemento dela.

5. Non se poderá presentar ningunha reclamación contra os resultados transcorridos 4 horas desde a súa publicación definitiva.

Distribución dos grupos

Equipos participantes
CNPONTEAREAS
CNPOURENSE
RCNVIGO
CNMOS
CNGALAICO
CDNCIDADESANTIAGO
CNCORUÑA
CNLICEO
CNARTEIXO
CNPORTAMIÑA
NATACION FERROL
SPORTING CASINO

A Coruña, outubro 2025.